

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Valente Paz-Andrade, a Lois Tobío Fernández do
19/05/1981**

Colección:

Data: 19/05/1981

De:

Valente Paz-Andrade;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Policarpo Sanz, 21, 2º (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: V. PAZ-ANDRADE / ABOGADO].

Mencionados:

Castelao; Pedro Couceiro; Antón Crestar; Manuel Meilán Martínez; Ricardo Palmás; Carlos Zubillaga;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Valente Paz-Andrade, a Lois Tobío Fernández do 19/05/1981

V. Paz Andrade
Abogado

Polcarpo Sanz, 22. Tº. 211562
Vigo

Vigo, 19 de mayo de 1981
Sr. D. Luís Tobío
Escritor
Bonetero, 5
MADRID-16

Querido Luis:

Conservo a dirección tua, que sin seguranza utilizo. Ogallá o Argos postal non teñan aínda perdido as vistas.

Estóu traballando n-un libro, Castelao na luz e na Sombra. Como estamos en risco de esmorecemento total os que fomos seus amigos, sin que despois de tantos anos ninguén lle metera o dente o unha verdadeira e completa biografía, botei as costas tan eisixente obriga. Levo redactados vinte e tantos capítulos, e ando no adicado as actuacións de Castelao no Uruguay.

Os nosos amigos de Montevideo, principalmente Meilán, brindaronme a súa axuda. Que non e tan completa como desexaran. Podías ti fornecerme algúns datos complementarios, senon son fundamentais? Por exemplo, os seguintes:

A) 05/12/1940 dá unha primeira conferencia, na Casa de Galicia. Sobre qué falou? Quen fixo a presentación? Foi no local social ou en outro?.

B) O día 8 domingo, do mesmo mes, xantar ofrecido pol-a Casa de Galicia. No local social ou en outro? Quen falou ofrecendo o acto? Falaron algúns mais, aparte o festexado?.

C) Entre o 5 e o 8 tuvo Castelao algunha actuación no Uruguay? En que hotel paróu en Montevideo?.

D) O 18 de abril de 1943, discurso no Estadio Centenario. Entre unha data e outra, non voltóu Castelao a Montevideo?. Despois do mitin celebróuse algún xantar aos oradores?.

E) O 15 de Nov. de 1944 constituíuse o Consello de Galicia en Montevideo, que xa funcionaba en Buenos Aires. Incorporáronse algúns membros de residentes no Uruguay?.

F) Do 10 ao 25 de xunio de 1945, exposición das estampas que se editaron nos albums de Guerra. En que local. Falóu algún no acto?.

G) O 30 de junio de 1945 acto conmemorando a votación do Estatuto. Quen máis falou? Onde foi celebrado?.

H) Xantar do 10 de jul. de 1945. Quen falou no ofrecimento ou nos brindis?

I) Calquera outro dato que deba ser lembrado das estancias de Castelao no Uruguay.

Supoño que na derradeira estancia de Castelao en Buenos Aires –1946-1950– non voltóu a Montevideo. Do libro de Palmás e o de Zubillaga, dispoño xa.

Perdóame ésta angueira, e recibe o meu afervoado agradecemento, con a mais forte aperta de Valentín [sinatura autógrafa]

[Anotación manuscrita, a lápiz na marxe superior esquerda:] Ollar na colección de "El Día" cousa doada pois teñense as datas. Pode facelo Meilán, Couceiro ou Crestar. Ou algún dos rapaces novos da audic. S. en G ou do Patronato.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.